

**DEPARTAMENTO DE
XEOGRAFÍA E HISTORIA
CPI TINO GRANDÍO
GUNTÍN**

PROGRAMACIÓN XERAL

CURSO 2018/19

INDICE

- 1.- Introducción e contextualización.
 - 2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
 - 3.- Materiais e recursos didácticos.
 - 4.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente. Avaliación da programación.
 - 5.- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
 - 6.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
 - 7.- Atención a diversidade
 - 8.- Concreción dos elementos transversais
 9. Contribución ao Plan Lector
 - 10.- Contribución a plan de convivencia. Educación en valores
-
- 11.- Obxectivos curriculares da Educación Secundaria.
 - 12.- Obxectivos xerais da área de Xeografía e Historia da ESO.
 - 13.- Metodoloxía didáctica
 - 14.- Programación didáctica de 1º curso da ESO.
 - 15.- Programación didáctica de 2º curso da ESO.
 - 16.- Programación didáctica de 3º curso da ESO.
 - 17.- Programación didáctica de 4º curso da ESO.

1.- Introducción e contextualización.

a) Introducción.

O coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, é esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu achéganos datos sobre o pasado e permítenos anticipar algúns dos problemas do futuro.

As disciplinas de Xeografía e Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que abranguen a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora, e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Malia isto, a sociedade actual, cada vez máis complexa, require a intervención doutras disciplinas como a economía, a socioloxía, a ecoloxía ou a historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias, para a mellor comprensión da realidade social.

En ESO, a materia de Xeografía e Historia pretende afondar nos coñecementos adquiridos polo alumnado na educación primaria; favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, tendo sempre en consideración as escalas de estudo (o mundo, Europa, España e Galicia); analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade.

A achega da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias clave é moi salientable. Deste xeito, poderíamos dicir que a través da materia se desenvolven competencias que na práctica funcionan como propias (as competencias sociais e cívicas, en relación con contidos propios tanto de Historia como de Xeografía, e a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, en Xeografía); a competencia de conciencia e expresións culturais ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na historia, e de maneira específica na historia da arte. A importancia que a materia ten para o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor evidénciase na dimensión conceptual desa competencia posta en relación con coñecementos de xeografía e historia económicas, pero tamén na dimensión máis procedemental dela.

O desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística e dixital, e de aprender a aprender, impregnan todo o currículo de Xeografía e Historia, pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo dos catro cursos de ESO.

A Xeografía organízase, no primeiro ciclo, nos bloques titulados "O medio físico" e "O espazo humano", e en cuarto curso céntrase na globalización.

A Historia estuda as sociedades ao longo do tempo, seguindo un criterio cronolóxico ao longo dos dous ciclos de ESO.

Na secuencia dos tres primeiros cursos de ESO tivéronse en especial consideración dous factores: por unha banda procurouse unha repartición o máis equilibrada posible entre a Xeografía e a Historia nos tres cursos e, por outra, intentouse secuenciar do xeral ao particular, traballando nos primeiros cursos con contidos máis globalizados e incrementando o nivel de complexidade á medida que se avanza na etapa. Dese xeito, procúrase ir da identificación e da localización dos primeiros cursos en xeografía cara a realización de tarefas máis elaboradas no remate da etapa. A Historia recibe un tratamento semellante, pois os contidos cos que o alumnado traballará nos primeiros cursos presentan un enfoque máis xeral, que abrangue o devir humano ata o século XVIII e deixa o derradeiro curso da etapa para o estudo da historia contemporánea. En todo caso, a evolución histórica dos dereitos da muller ata a actualidade debe formar parte do desenvolvemento curricular a aplicar na aula.

Deberase ter en conta o traballo de todos os elementos transversais do currículo cando cumpra. Neste sentido, merecen unha mención especial a educación cívica, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, e o traballo con tecnoloxías da información e da comunicación. A materia de Xeografía e Historia é un vehículo adecuado para animar ao emprendemento. Ademais, o desenvolvemento sustentable e o medio, os riscos de explotación e o abuso e maltrato son ineludibles.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Xeografía e Historia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. É moi importante ter presente o papel do/da docente como orientador/a, promotor/a e facilitador/a do desenvolvemento competencial do alumnado, e non esquecer a adecuada coordinación entre docentes.

b) Contextualización

Datos do Departamento

O Departamento de Xeografía e Historia do CPI de Guntín está formado por un único membro con destino definitivo no centro:

M^a Teresa Asorey Daviña.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

O departamento de xeografía e Historia, con tódala oferta educativa que acolle, contribúe dunha forma notable ao desenvolvemento das competencias clave, como veremos ao longo desta programación.

A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Contéplanse, pois, como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, pódense desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais..

As competencias clave do currículo son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

3.- Materiais e recursos didácticos que se van a utilizar

Polo que se refire ao libro de texto, traballaremos cos seguintes manuais:

Libros de texto para o curso 2017/2018

NIVEL	TÍTULO	EDITORIAL	ANO PUBLICACIÓN
1º ESO	Xeografía e Historia	Santillana	2015
2º ESO	Sociais, 2º ESO	Santillana	2016
3ª ESO	Xeografía e Historia	Santillana	2015
4º ESO	Sociais, 4º ESO	Santillana	2016

Obviamente, cada nivel e cada materia precisan duns recursos didácticos axeitados tanto á estrutura metodolóxica dos mesmos como á idade e coñecementos do alumnado, polo que o uso duns ou doutros dependerá de diversos factores que o profesorado terá que avaliar para decidir aqueles máis convenientes ao grupo ao que estean dirixidos.

De calqueira xeito, e con carácter xeral, para o aprendizaxe da Xeografía e Historia empregáranse, entre outros, os seguintes materiais e recursos didácticos:

- Visitas colectivas ou individuais a museos, centros de interpretación histórica, arquivos, organismos oficiais ou particulares, xacementos, monumentos singulares, empresas, etc., que se axusten á programación de aula e que dalgún xeito poidan axudar a unha maior comprensión e asimilación dos contidos previamente traballados na clase.
- Cartografía variada, con diversos sistemas de representación.
- Documentos gráficos e textos escritos axeitados aos obxectivos previstos.
- Materiais audiovisuais seleccionados (películas, documentais...).
- Internet e programas informáticos axeitados a cada materia.
- Prensa diaria, revistas especializadas, etc.
- Libro/os de texto, diccionario, atlas e libreta de clase.

4.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

A programación proposta ten que considerarse aberta e flexible, de modo que se poidan levar a cabo con facilidade aqueles cambios que se consideren necesarios en función das características do alumnado.

Deste xeito, dentro do proceso de ensino-aprendizaxe, levarase a cabo a avaliación da programación en tres momentos diferentes: antes da posta en práctica da programación, ou avaliación inicial; durante a posta en práctica da programación, ou avaliación formativa; e logo de pór en práctica a programación, ou avaliación final.

Na avaliación inicial, comprobarase a coherencia entre todos os apartados do documento. A avaliación formativa terá lugar ao longo do curso mentres que se está pondo en práctica o programado, de modo que modificacións tales como un cambio na metodoloxía ou na secuenciación e temporalización das unidades didácticas se poidan levar a cabo se con elo se agrada que sexan beneficiosas para o alumnado. Para rematar, levarase a cabo unha avaliación final na que se valorará ata que punto se alcanzaron os obxectivos que se propuxeron coa programación e adoptáranse os cambios que permitan alcanzar uns mellores resultados no curso seguinte.

A avaliación contemplará dous aspectos: a integración do alumnado como parte dinámica e activa do proceso e a reflexión e o traballo concluínte do propio docente e do departamento.

Algúns dos procedementos e instrumentos existentes para avaliar o proceso de ensino afectan basicamente ao alumnado: cuestionarios; intercambios orais: entrevista con alumnos/as e debates; análise dos resultados do proceso de aprendizaxe do alumnado...

Respecto ao departamento, a fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso, nas reunións de seminario avaliaranse os seguintes aspectos: cuestionarios dentro do propio departamento, desenvolvemento na clase da programación, relación entre obxectivos e resultados, adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais, adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais, análise dos resultados do proceso de aprendizaxe dos alumnos, flexibilidade da programación respecto á actividades complementarias ou circunstancias específicas imprevistas.

O resultado desta avaliación será plasmado na memoria final de curso.

FICHA MODELO DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Unidade didáctica	
Profesor/a	Área/materia
Curso	Grupo Data

		1	2	3
Dimensión 1: ASPECTOS XERAIS				
1.1	Na súa elaboración tívose en conta o grupo de alumnos/as aos que ía dirixido?			
1.2	A súa estrutura era suficientemente aberta para permitir adaptacións?			
1.3	Prevéronse as posibles dificultades que se poderían presentar?			
Dimensión 2: OBXECTIVOS-COMPETENCIAS				
2.1	Estaban redactados dunha forma clara e precisa?			
2.2	Responden ás causas que xeneraban as necesidades educativas?			
2.3	Están graduados en función da súa importancia en diferentes niveis?			
2.4	Todos os obxectivos foron directamente avaliados como criterios de avaliación específica?			
2.5	Recollían os obxectivos todas as competencias que se pretendían desenvolver?			
Dimensión 3: CONTIDOS				
3.1	Son adecuados aos obxectivos?			
3.2	Trátanse contidos dos tres tipos?			
3.3	Permiten a adaptación aos diferentes niveis de aprendizaxe?			
3.4	Foron axeitados aos recursos e características do centro e do alumnado?			
3.5	Inclúense contidos relacionados coas áreas transversais?			
Dimensión 4: ACTIVIDADES				
4.1	Favorecen o interese e a motivación do alumnado?			
4.2	Foron adecuadas aos contidos, recursos e tempo previstos?			
4.3	Axústanse a unha secuencia consecuenta co constructivismo?			
4.4	Permiten a atención aos diferentes ritmos de aprendizaxe?			
4.5	Propóñense actividades de apoio, recuperación e proacción?			

		1	2	3
Dimensión 5: METODOLOXÍA				
5.1	Practicase a metodoloxía activa e participativa?			
5.2	Facilítase a interacción do alumnado entre si e do alumnado co profesorado?			
5.3	Planifícanse as actividades grupais?			
5.4	Favorécese unha intervención educativa acorde co constructivismo?			
5.5	Practicanse agrupacións flexibles e de atención diversa?			
Dimensión 6: RECURSOS				
6.1	Foron accesibles ao alumnado e ao seu nivel?			
6.2	Favorecen a motivación e a aprendizaxe do alumnos e alumnas?			
6.3	Adecúanse ás intencións e aos contidos?			
6.4	A relación tempo/utilidade foi axeitada?			
6.5	A relación custo/servizo foi adecuada?			
Dimensión 7: AVALIACIÓN-COMPETENCIAS				
7.1	Aténdense os tres momentos da avaliación?			
7.2	Aplícanse os instrumentos adecuadamente?			
7.3	Adáptanse os criterios de avaliación aos elementos e ao nivel?			
7.4	Devólvese a información convenientemente?			
7.5	Participa o alumnado na avaliación?			
7.6.	Tivéronse en conta as competencias no proceso educativo?			
Dimensión 8: TEMPORALIZACIÓN				
8.1	É axeitado o tempo empregado para o desenvolvemento da unidade?			
8.2	Axústanse os tempos planificados á realidade?			
8.3	Respéctanse os ritmos da aprendizaxe?			
8.4	Os tempos asignados aos distintos elementos foron correctos?			
8.5	Houbo perdas de tempo inxustificadas?			

ASPECTOS A POTENCIAR	DEFICIENCIAS A MELLORAR	RECOMENDACIÓNS

1.	Si
2.	Ás veces
3.	Non

5.Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

O Departamento de Xeografía e Historia do CPI de Guntín, en relación co tema de avaliación do alumnado con asignaturas pendentes, adoptou os seguintes acordos:

1. Como criterio xeral, programaranse unha serie de actividades, preferentemente prácticas, por cada dúas ou tres unidades da materia suspensa.
2. O alumnado que realice correcta e continuadamente os traballos encomendados superará a materia suspensa, sen necesidade de proba específica. No caso contrario, procederase a avaliación mediante unha proba de contidos mínimos da materia, segundo a lexislación vixente.
3. O seguimento e avaliación destes traballos levarase a cabo preferentemente polo profesorado que imparte docencia no curso en que estea matriculado actualmente o alumnado afectado por esta medida.
4. Enviarase información detallada ás familias do alumnado, que será incluída no boletín de notas trimestral.
5. Os criterios adoptados nos puntos anteriores serán revisados anualmente.

PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

1ºESO

Ó longo do curso o alumnado presentará unha serie de resúmenes dos temas ou apartados dos mesmos que a continuación se detallan, sempre o primeiro luns de cada mes, que servirán para poder realizar un seguimento do alumnado cara a súa avaliación en xuño. A correcta execución destes traballos eximirá da realización da proba final escrita. O alumnado que non realice axeitadamente os traballos encomendados durante o curso, estará obrigado a realizar unha proba escrita que versará sobre o temario da asignatura.

O plan de traballo será o seguinte:

Outubro – Temas 1 e 2
 Novembro – Tema 3
 Decembro – Temas 4, e 5
 Xaneiro – Temas 6 e 7
 Febreiro – Temas 8 e 9
 Marzo – Temas 10
 Abril – Temas 11

2º de ESO

Ó longo do curso o alumnado presentará unha serie de resúmenes dos temas ou apartados dos mesmos que a continuación se detallan, sempre o primeiro luns de cada mes, que servirán para poder realizar un seguimento do alumnado cara a súa avaliación en xuño. A correcta execución destes traballos eximirá da realización da proba final escrita.

O plan de traballo será o seguinte:

Outubro – Tema 1
 Novembro – Temas 2 e 3
 Decembro – Temas 4, 5
 Xaneiro – Temas 6,7
 Febreiro – Tema 8
 Marzo – Temas 9
 Abril – Temas 10 e 11

O alumnado que non realice axeitadamente os traballos encomendados durante o curso, estará obrigado a realizar unha proba escrita que versará sobre o temario da asignatura.

3º de ESO

Ó longo do curso o alumnado presentará unha serie de resúmenes dos temas ou apartados dos mesmos que a continuación se detallan e que servirán para poder realizar un seguimento do alumnado cara a súa avaliación en xuño. A correcta execución destes traballos eximirá da realización da proba final escrita.

O plan de traballo será o seguinte:

Outubro – Tema 1
Novembro – Tema 2
Decembro – Temas 3, 4 e 5
Xaneiro – Temas 6, 7, 8 e 9
Febreiro – Tema 10
Marzo – Tema 11
Abril – Tema 12

O alumnado que non realice axeitadamente os traballos encomendados durante o curso, estará obrigado a realizar unha proba escrita que versará sobre o temario da asignatura.

6.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Ao longo do primeiro mes de curso, realizaranse una serie de probas iniciais, acorde con cada nivel da ESO. Basaranse tanto na recollida de información como na realización de pequenas probas. Segundo o seu resultado teremos una referencia sobre o punto de partida para iniciar o traballo no presente curso. Así, poderemos adicar máis tempo a realizar un traballo de repaso dos cursos anteriores o poderemos iniciar o camino no presente ano académico dunha maneira máis áxil.

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión temos de solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (*planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.*).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupales para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos do alumnado.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor ou titora.

De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte.

7. Atención ao alumnado con necesidades educativas especiais. Atención a diversidade

No proceso de ensinanza-aprendizaxe que se desenvolve na Educación Secundaria Obrigatoria, consideramos a diversidade real que existe nun grupo-clase aparentemente homoxeneo pola idade e espacio común onde todos traballan e aprenden.

Acceptamos que o alumnado aprende de xeitos, formas e ritmos diferentes, que a cantidade e calidade do aprendido tamén o é.

Por este motivo, incluímos nesta programación procedementos variados que estimulen a aprendizaxe en grupos heteroxéneos. Para conseguir que a diversidade non sexa un obstáculo senón un punto de partida e un factor de enriquecemento e de relación cosntructiva para o alumnado, intentaremos desenvolver a autonomía progresiva dos-as alumnos-as, individual e grupalmente. En relación a isto, proponemos a organización da aula en equipos de traballo, a distribución de tarefas compartidas e responsabilidades dentro do grupo.

A aprendizaxe das CCSS, Xeografía e Historia é un proceso activo e cambiante. Por todo isto seleccionamos una cantidade de actividades que, no seu conxunto, pretenden conseguir un obxectivo básico: un proxecto aberto, adaptable a situacións diferentes e a ritmos diversos, esixidos pola heteroxeneidade do alumnado.

Na organización das actividades de atención á diversidade, teremos en conta as diferentes vías polas que se pode tratar atendendo á lexislación vixente:

- As medidas de Reforzo Educativo: É unha medida ordinaria de atención á diversidade xa que afecta a elementos non prescriptivos do currículo como son a secuencia de contidos, formas e instrumentos de avaliación, organización da aula, agrupamentos de alumnos e metodoloxía. É unha medida que non precisa de autorización por parte dos pais/titores do alumno-a. Son medidas dirixidas a alumnos que coa modificación dos elementos antes indicados poden segui-lo proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

Son elaboradas polo profesor-a, co coñecemento do titor-a, quen llo comunicará ó equipo directivo e á familia. Levaranse a cabo no contexto escolar ordinario polo profesor coa colaboración, se é o caso, doutros profesionais.

- As Actividades de Ampliación: Serán actividades destinadas ao alumnado que ten maiores rendementos na aprendizaxe significativa. Basaranse en actividades de ampliación dos diferentes aspectos que se traballen nas UD. O seguimento destas actividades será similar ao das actividades de reforzo.

- As Adaptacións Curriculares: Son medidas extraordinarias de atención á diversidade, xa que poden afectar a tódolos elementos do currículo. A súa finalidade é atender as necesidades educativas motivadas por unha dificultade persoal ou por capacidades excepcionais. O referente para a súa elaboración serán os obxectivos xerais da etapa concretados no Proxecto Curricular. Poderán pertencer a outro curso ou etapa distinto do que curse o alumno-a.

A conveniencia da elaboración dunha adaptación curricular decidirase despois de ter esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa.

As adaptacións curriculares levaranse a cabo no contexto educativo ordinario, agás casos excepcionais. O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor-a que imparte a área ou materia, en colaboración e asesorado polo departamento de orientación.

8.- Concreción dos elementos transversais

Segundo a LOMCE, entendemos por elementos transversais os seguintes:

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional. A área de xeografía e historia, debido a súa interdisciplinabilidade traballa tódolos elementos transversais dende o primeiro curso da ESO. Así promoverase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe abranger en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Tamén recolleamos as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Tamén e sobre todo, na área de xeografía, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

9.- Contribución ao Plan lector

A nosa contribución ao Plan lector farémola, proponendo diferentes lecturas ao alumnado, tanto na aula, como para facelas na súa casa.

10.- Contribución ao Plan de convivencia. Educación en valores

Como membro do Claustro e da Comunidade educativa do CPI Tino Drandío, diariamente facemos aportacións e poñemos en marcha o Plan de Convivencia. Para este fin é fundamental a educación en valores que traballamos diariamente na nosa aula, desde calquera materia do noso departamento.

ESO

11.- Obxectivos curriculares da educación secundaria

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

12. Obxectivos xerais da área de Xeografía e Historia na ESO

- Promover o sentimento de pertenza á nosa comunidade e ás outras entidades políticas, sociais e culturais nas que se integra desde posicións solidarias e respectuosas con outras comunidades, estados e culturas.
- Identificar os procesos e mecanismos básicos que rexen a realidade social e as interrelacións entre os feitos políticos, económicos, sociais e culturais, utilizando este coñecemento para comprender o pasado e as sociedades actuais.
- Identificar, localizar e analizar, a diferentes escalas, as características do medio físico e as interaccións que os grupos sociais establecen con el na utilización do espazo e dos seus recursos, valorando as consecuencias de tipo económico, social e ambiental.
- Comprender o territorio como resultado da interacción das sociedades sobre o medio.
- Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos máis relevantes na historia do mundo, de Europa, de España e de Galiza, identificando causas e consecuencias destes para adquirir unha perspectiva global da evolución da humanidade.
- Identificar, localizar e comprender as características básicas da diversidade xeográfica do mundo e das grandes áreas neoeconómicas e os trazos físicos e humanos de Europa, España e Galiza ..
- Valorar a diversidade cultural, manifestando actitudes de respecto e tolerancia por outras culturas e cosmovisións.
- Coñecer os elementos técnicos básicos das manifestacións artísticas dentro da súa realidade cultural, para aprender a valorar o propio patrimonio e a súa conservación.
- Adquirir e empregar o vocabulario específico das Ciencias Sociais.
- Obter, comprender e relacionar diversas modalidades de información do ámbito social, económico e xeográfico.
- Realizar tarefas en grupo e participar en debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante.
- Resolver problemas e levar a cabo traballos escolares aplicando os instrumentos das Ciencias Sociais.
- Coñecer o funcionamento das sociedades democráticas.
- Procurar a comprensión da realidade socio-cultural galega como unha realidade dinámica en contacto con outras sociedades e culturas.
- Organizar, memorizar e recuperar información para a realización de resumos, esquemas, mapas conceptuais e outros instrumentos explicativos.

13.-Metodoloxía didáctica:

Comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes. Neste apartado temos que facer unha definición clara da nosa metodoloxía a seguir, por iso na nosa PDA, para acadar a aprendizaxe por competencias, empregaremos unha metodoloxía comunicativa, inclusiva e participativa, tendo en consideración o traballo colaborativo e en equipo.

Por iso teríamos presente os modelos metodolóxicos seguintes:

- Modelo discursivo/expositivo.
- Modelo experiencial en talleres.
- Traballo por tarefas e proxectos.
- Aprendizaxe cooperativa en base ao traballo colaborativo e en equipo, que sería a base do noso traballo na aula.

Por todo o anterior, debemos ter presente que a metodoloxía é responsabilidade de todo o centro educativo, xa que ten que integrar os elementos do currículo e enfocalos á resolución de problemas da vida real, polo que as actividades de aprendizaxe serán integradas¹, facendo un tratamento equilibrado das distintas competencias clave nas programacións didácticas, e tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado. O currículo relacionará os estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación coas competencias clave, os contidos e os obxectivos de etapa. O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Xeografía e Historia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. É moi importante ter presente o papel do/da docente como orientador/a, promotor/a e facilitador/a do desenvolvemento competencial do alumnado, e non esquecer a adecuada coordinación entre docentes.

14.- Programación Didáctica da Aula de 1.º curso de Xeografía e Historia de ESO

14.1. Obxectivos didácticos

- Identificar as liñas básicas de orientación xeográfica e situar no mapa mediante latitude e lonxitude.
- Descodificar información simbólica e interpretala para describir o contido dos mapas.
- Coñecer o mapa físico do mundo nos seus trazos básicos, en particular, de Galiza e de España. Saliar os elementos principais de cada territorio.
- Recofiecer e localizar no espazo os principios medios naturais do planeta, caracterizalos e distinguilos en función da interacción dos trazos físicos predominantes que conforman as paisaxes.
- Transferir os coñecementos adquiridos para analizar e interpretar un espazo próximo e concreto.
- Coñecer os principais problemas ambientais da actualidade; relacionalos coas súas causas e posibles efectos.
- Pensar e expoñer accións que poidan contribuir á mellora ambiental a través da ciencia, a tecnoloxía e o consumo responsable.
- Utilizar como referencia temporal na localización de feitos e procesos históricos a periodización e a datación correcta.
- Identificar elementos de permanencia e de cambio nas sociedades da Prehistoria e da Antigüidade.
- Identificar os elementos básicos que conformaron a vida no Paleolítico.
- Identificar os cambios producidos na revolución neolítica. Valoración destes cambios na posterior evolución da humanidade.
- Valorar a importancia cultural da arte rupestre e do megalitismo atlántico.
- Localizar no tempo e no espazo as civilizacións de Exipto, Mesopotamia, Grecia e Roma.
- Recoñecer os elementos relevantes da achega grega á civilización occidental e os aspectos básicos da súa organización política e social.
- Percibir a influencia do pasado no asentamento e límites actuais de Galiza.
- Analizar os elementos sociais e artísticos máis elementais da cultura castrexa. Relacionar as culturas mediterráneas e atlánticas.
- Coñecer os trazos da civilización romana, con atención á organización político-administrativa, social, económica e cultural.
- Identificar o legado da civilización romana no noso país.
- Recoñecer o significado do cristianismo e os novos asentamentos producidos no mundo tardorromano: suevo e visigodo.
- Extraer as ideas principais das distintas fontes de información e saber expoñelas.

14.2. Contidos

Xeografía

Imaxes de satélite e os seus principais usos.

Medio físico do mundo e de Europa: relevo e hidrografía.

A Terra: a Terra no Sistema Solar.

Representación da Terra. Escala e linguaxe cartográfica.

Localización Proxeccións e sistemas de coordenadas.. Latitude e lonxitude.

Trazos principais do relevo do mundo.

Clima: elementos e factores.

Diversidade climática no planeta.

Medio natural: áreas e problemas ambientais.

Medio natural europeo: principais trazos.

Unidades do relevo do espazo xeográfico europeo.

Medio natural: áreas e problemas ambientais.

Conxuntos bioclimáticos do espazo xeográfico europeo.

Diversidade de espazos naturais europeos.

Historia

Fontes históricas.

Cambio e continuidade.

Prehistoria e Idade Antiga: visión global.

Cambio e continuidade.

Vocabulario histórico e artístico.

Evolución das especies e a hominización.

Periodización da Prehistoria e a Idade Antiga.

Prehistoria e Idade Antiga: visión global.

Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores.

Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social.

Prehistoria galega: megalitos e petróglifos.

Aparición dos ritos: restos materiais e artísticos; pintura e escultura.

Idade Antiga: invención da escritura.

Idade Antiga: historia de Exipto.

Idade Antiga: relixión exipcia.

Idade Antiga: arte en Mesopotamia e Exipto.

Mundo clásico. Grecia: as "polis" gregas e a súa expansión.

Mundo clásico. Grecia: expansión comercial e política das polis gregas.

Mundo clásico. Imperio de Alexandre Magno e os seus sucesores: helenismo.

Mundo clásico. Grecia e o helenismo: arte, ciencia, teatro e filosofía.

Arte grega: Arquitectura, pintura e escultura.

Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma.

República e imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo.

Mundo clásico. Arte romana: arquitectura, escultura e pintura.

Península Ibérica: pobos prerromanos. Hispania romana. Gallaecia. Proceso de romanización. A cidade e o campo.

Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. Proceso de romanización. A cidade e o campo.

Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. República e imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo

14.1. Contidos mínimos

Xeografía

Medio físico do mundo e de Europa: relevo e hidrografía.

A Terra: a Terra no Sistema Solar.

Representación da Terra. Escala.

Sistemas de coordenadas. Latitude e lonxitude.

Trazos principais do relevo do mundo.

Clima: elementos e factores.

Diversidade climática no planeta.

Medio natural: áreas e problemas ambientais.

Unidades do relevo do espazo xeográfico europeo.

Medio natural: áreas e problemas ambientais.

Diversidade de espazos naturais europeos.

Historia

Fontes históricas.

Prehistoria e Idade Antiga: visión global.
Evolución das especies e a hominización.
Periodización da Prehistoria e a Idade Antiga.
Prehistoria e Idade Antiga: visión global.
Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores.
Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social.
Prehistoria galega: megalitos e petróglifos.
Idade Antiga: invención da escritura.
Idade Antiga: historia de Exipto.
Idade Antiga: relixión exipcia.
Idade Antiga: arte en Mesopotamia e Exipto.
Grecia: as "polis" gregas.
Arte grega: Arquitectura, pintura e escultura.
Imperio de Alexandre Magno e os seus sucesores: helenismo.
Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma.
República e imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo.
Arte romana: arquitectura, escultura e pintura.
Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. Proceso de romanización. A cidade e o campo.
Península Ibérica: pobos prerromanos. Hispania romana. Gallaecia. Proceso de romanización. Cristianismo

14.3.Temporalización

Procurarase a impartición de 4 temas no primeiro trimestre, 4 temas no segundo trimestre e 3 no último, mais sempre dependendo das necesidades e do ritmo do alumnado.

14.4.Avaliación

Na avaliación terase en consideración a observación directa do traballo diario e da actitude.

Tamén se valorarán os traballos e a realización de tarefas.

Haberá unha valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións)e unha valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).

14.4.1..Criterios de avaliación

Xeografía

Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e os seus usos principais.

Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.

Ter unha visión global do medio físico europeo e mundial, e das súas características xerais.

Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais, os grandes ríos e as grandes zonas climáticas, e identificar as súas características.

Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente e as súas consecuencias.

Situar no mapa de Europa as unidades e os elementos principais do relevo continental.

Coñecer, comparar e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo.

Coñecer os principais espazos naturais do noso continente.

Identificar e distinguir os sistemas de representación cartográfica, en soporte analóxico e dixital, e as súas escalas.

Historia

Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.

Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria e da Idade Antiga, para

adquirir unha perspectiva global da súa evolución.

Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.

Describir o proceso de hominización.

Datar a Prehistoria e a Idade Antiga, e distinguir a escala temporal de etapas como estas.

Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.

Coñecer algunhas características da vida humana neste período, así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do neolítico.

Explicar as etapas en que se divide a historia de Exipto.

Identificar as principais características da relixión exipcia.

Localizar e describir algúns exemplos arquitectónicos de Exipto e de Mesopotamia.

Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia.

Distinguir entre o sistema político grego e o helenístico.

Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais.

Caracterizar os trazos principais da sociedade, a economía e a cultura romanas, e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga.

Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando entre os que son específicos.

Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente.

14.4.2 Instrumentos de avaliación e criterios de corrección

Realizaranse, polo menos dúas probas escritas de control de coñecementos por trimestre. O valor destas probas será entre o 70% e o 80% da nota final, mentres que os procedementos, actitudes, comportamento e disposición conformarán o 20% ou 30% restante. Nesta última valoración inclúese a participación, a realización de tarefas e exercicios, traballos, etc.

Para acadar o aprobado na cualificación final farase a media aritmética das tres avaliacións, sempre e cando en cada unha delas teña acadado un 5, ou ben, que ao longo do curso o alumnado amose un progreso académico conforme a avaliación continua.

14.5. Estándares de aprendizaxe

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O medio físico				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. A Terra: a Terra no Sistema Solar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta. ▪ XHB1.1.2. Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Representación da Terra. Escala e linguaxe cartográfica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Identificar e distinguir os sistemas de representación cartográfica, en soporte analóxico e dixital, e as súas escalas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.2.1. Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Proxeccións e sistemas de coordenadas. Imaxes de satélite e os seus principais usos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e os seus usos principais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
 - Obtén información sobre o comercio mundial a partir da análise dun gráfico estatístico.
- **Expresión cultural e artística:**
 - Relaciona trazos cunha corrente arquitectónica da segunda metade do século XX.
 - Cita arquitectos representativos da arquitectura actual.
 - Escribe trazos característicos de esculturas representativas.
 - Relaciona imaxes representativas cunha corrente escultórica ou pictórica.

PROGRAMACIÓN DA UNIDADE 12

COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- **Comunicación lingüística**
 - Sinala diferenzas entre os conceptos referendo e eleccións xerais.
 - Produce un texto coherente e lóxico narrando unha primeira votación.
 - Relaciona tolerancia, consenso e autonomía coa transición democrática.
 - Redacta unha opinión sobre a situación da muller española na actualidade.
 - Define os termos plebiscitado, referendo e lei orgánica.
- **Tratamento da información e competencia dixital:**
 - Obtén do texto a resposta a preguntas sobre a transición democrática.
 - Relaciona as institucións democráticas e as súas funcións.
 - Obtén do texto explicativo a cronoloxía dos presidentes democráticos.
 - Elabora un cadro resumo coas medidas tomadas polos distintos partidos políticos na etapa democrática.
 - Obtén información dun mapa e interpreta a posición de Galicia entre as rexións da UE.
 - Obtén información sobre os cambios acontecidos na sociedade española a partir de textos e documentos.
 - Confecciona un esquema sobre as consecuencias da integración española na UE.
 - Relaciona determinados autores cunha disciplina artística.
- **Autonomía e iniciativa persoal:**
 - Valora con argumentos o período 1975-1978.
 - Busca algunhas das leis sociais promulgadas durante a democracia.
 - Expresa unha opinión, argumentada, sobre as políticas de igualdade.
 - Busca a Lei de Igualdade de Xénero e comenta algún artigo.
 - Elixe e valora acontecementos autonómicos.
 - Participa na preparación dun traballo en grupo e un debate sobre a Lei da Memoria Histórica.

- **Aprender a aprender:**

- Confecciona un eixe cronolóxico sobre a construción do Estado autonómico.
- Busca información e elabora a biografía dun presidente democrático.
- Realiza un esquema coas medidas económicas, sociais e culturais dos gobernos democráticos.
- Aprende a preparar un exame.
- Completa un mapa conceptual da unidade.
- Realiza un mapa conceptual sobre o sistema político e territorial establecido pola Constitución de 1978.

- **Social e cidadá:**

- Comprende a transición democrática.
- Entende o autogoberno de Galicia.
- Valora a aprobación da Constitución de 1978.
- Consulta o articulado da Constitución de 1978.
- Consulta o articulado do estatuto de autonomía de Galicia.
- Infórmase sobre os sucesos do 23-F e redacta unhasíntese.
- Coñece os obxectivos perseguidos por determinadas medidas democráticas.
- Valora a importancia da inmigración recente.
- Participa nun traballo en grupo e elabora un mural sobre medidas para avanzar na igualdade de xénero.
- Valora a pertenza de España á UE.
- Cita limitacións da ciencia española actual.
- Relaciona frases cunha institución autonómica.
- Explica a significación histórica de determinados acontecementos e personaxes.

- **Coñecemento e interacción co mundo físico:**

- Xustifica espacialmente a posición de España na UE.

- **Matemática:**

- Comenta un gráfico coa evolución da poboación española e saca conclusións.
- Compara e comenta un cadro estatístico con datos de España e da UE.
- Obtén información de gráficos de sectores cos resultados de eleccións xerais da democracia.

- **Expresión cultural e artística:**

- Busca información sobre algunha obra representativa das tendencias artísticas actuais, e precisa algúns aspectos desta.

3.- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable:

A). Temporalización.

Traballaremos ao longo do trimestre os bloques de contido da seguinte maneira:

1º trimestre: bloques 1, 2 e 3

2º trimestre: bloques 4, 5, 6 e 7

3º trimestre. bloques 8, 9 e 10

B). Grao mínimo de consecución para superar a materia. Valoraremos dende o 1 ao 4, tendo en conta que cando un alumno non acada o un, consideramos que nos asimilou os contidos mínimos do estándar correspondente nin as competencias esixibles; o dous como unha aproximación inicial e simple aos obxectivos, o tres como un dominio medio do tema en cuestión e e un catro como a comprensión plena acorde cas competencia e obxectivos a acadar para cada curso:

1: Insuficiente

2: Suficiente

3: Ben /notable

4: Sobresaliente.

C). Procedementos e instrumentos de avaliación. Criterios de corrección

Avaliaremos en función da dinámica da clase, a través de diferentes medios: recollida semanal de información a través da valoración asimilación dos estándares de aprendizaxe con traballo de aula (mapas, comentarios texto, traballo en grupo, debates, elaboración de táboas comparativas, exercicios do libro...)

* Ao longo do desenvolvemento das unidades didácticas e nas probas escritas presentaranse ao alumnado:

- Textos, gráficos e mapas históricos para analizar e comentar.
- Imaxes que proporcionan información de carácter histórico e artístico relacionadas con aspectos tratados na unidade.

- Feitos e conceptos para relacionar correctamente.
- Termos para ser definidos.
- Textos mutilados que deben ser completados polo alumnado.
- Preguntas que o alumnado debe contestar a partir da información que figura no seu libro.

O alumnado fará alomenos dous exames escritos por trimestre, xunto coa realización de traballos e tarefas na aula, a puntualidade na entrega dos mesmo, o interese, disposición e boa actitude na clase, o traballo en grupo, as exposicións orais, etc., o que servirá para calificar ao alumno/a.

* A nota da avaliación será o resultado conxunto da puntuación obtida nas probas escritas e da valoración das distintas actividades propostas. Terán un valor ponderado do 80 % e do 20 %, respectivamente, da nota final da avaliación. No mes de Xuño haberá unha recuperación por avaliacións suspensas. Poden tamén presentarse a o exame de Xuño aqueles alumnos que queiran levar mais nota. Terase en conta a nota mais alta.

* A nota final –convocatoria de xuño- será o resultado da media aritmética das notas trimestrais, incluída a nota da recuperación no caso dos trimestres suspensos, ou ben, que ao longo do curso o alumnado amose un progreso académico conforme a avaliación continua.

A nota final –convocatoria de setembro- será a obtida nunha proba escrita que abrangue todo o temario, aínda que recollerá os contidos mínimos.

Xeografía e Historia. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ g ▪ h ▪ l ▪ ñ 	B1.1. Século XVIII en Europa: do feudalismo ao absolutismo e o parlamentarismo das minorías. Francia, Inglaterra, España e Galicia.	B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo. ▪ XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ h ▪ l ▪ n ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Ilustración. 	B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ g ▪ l ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Arte e ciencia en Europa no século XVIII. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Coñecer os avances da Revolución Científica desde os séculos XVII e XVIII. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.3.1. Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época. ▪ XHB1.3.2. Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC ▪ CMCCT
Bloque 2. A era das revolucións liberais				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ g ▪ h ▪ l 	B2.1. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: bases ideolóxicas (liberalismo, nacionalismo e rexionalismo), económicas e sociais; principais consecuencias.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. ▪ XHB2.1.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: periodización e feitos principais. Restauración. Procesos unificadores e independentistas. O caso 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras. ▪ XHB2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CSC

Xeografía e Historia. 4º de ESO				
Objec tivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ ñ 	español		do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.2.3. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
Bloque 3. A Revolución Industrial				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ g ▪ h ▪ l 	B3.1. Revolución Industrial: concepto; factores económicos, sociais e ideolóxicos que a fan posible.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Revolución Industrial: desde Gran Bretaña ao resto de Europa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.2.1. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ h ▪ l ▪ m 	B3.3. Consecuencias da Revolución Industrial. Movemento obreiro (orixes, ideoloxías e formas de organización).	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Discusión en torno ás características da industrialización en España e Galicia: éxito ou fracaso? 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. A ciencia no século XIX. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, e a súa relación coas revolucións industriais 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.5.1. Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CMCCT
Bloque 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. O imperialismo no século XIX: concepto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB4.1.2. Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA, CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Imperialismo: causas, desenvolvemento e consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Causas e consecuencias da Gran Guerra (1914-1919) ou I Guerra Mundial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB4.3.2. Analiza o novo mapa político de Europa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

Xeografía e Historia. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		consecuencias dos tratados de Versalles.		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB4.3.3. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d, g ▪ h, l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Revolución Rusa. 	B4.4. Esquematar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ l ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. A arte no século XIX. 	B4.5. Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA, CCL ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB4.5.2. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CCEC
Bloque 5. A época de entreguerras (1919-1945)				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Período de entreguerras: do final da Gran Guerra ao crac do 29 e a Gran Depresión. 	B5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB5.1.2. Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA, CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c, d, h, ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Fascismo italiano e nazismo alemán. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ g ▪ h, l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. II República española e a Guerra Civil. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
Bloque 6. As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945)				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Orixes da II Guerra Mundial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Coñecer as causas da II Guerra Mundial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB6.1.1. Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Desenvolvemento da II Guerra Mundial: extensión, fases, formas de guerra e principais consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB6.2.1. Sitúa nun mapa as fases do conflito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB6.2.2. Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL

Xeografía e Historia. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. O Holocausto. 	B6.3. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Nova xeopolítica mundial: Guerra Fría e plans de reconstrución posbélica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB6.4.2. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA,CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. Procesos de descolonización en Asia e África. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB6.5.2. Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
Bloque 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do bloque soviético				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Evolución dos bloques soviético e capitalista. O "Welfare State". 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Entender os avances económicos dos réximes soviéticos e os perigos do seu illamento interno, así como os avances económicos do "Welfare State" en Europa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ g ▪ h l,m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.2. Crise do petróleo (1973). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.2. Comprender o concepto de crise económica e a súa repercusión mundial nun caso concreto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB7.2.1. Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ g ▪ h ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.3. Ditadura de Franco en España. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.3. Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
Bloque 8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ g ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.1. Formas económicas e sociais do capitalismo no mundo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.1. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB8.1.1. Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB8.1.2. Comprende os proles e contras do estado do benestar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.2. Colapso dos réximes soviéticos e as súas consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.2. Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB8.2.1. Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.3. Transición política en España: da ditadura á democracia (1975-1982). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.3. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB8.3.1. Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

Xeografía e Historia. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ ñ 		proceso.	española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB8.3.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ g ▪ h, l 	B8.4. Camiño cara a Unión Europea: desde a unión económica a unha futura unión política supranacional.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.4. Entender a evolución da construción da Unión Europea. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB8.4.1. Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
Bloque 9. A Revolución Tecnolóxica e a globalización a finais do século XX e principio do XXI				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.1. A globalización económica: concepto e características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.1. Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB9.1.1. Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC CD, CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB9.1.2. Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC CAA, CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h, l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.2. Papel da Revolución Tecnolóxica na globalización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.2. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a Revolución Tecnolóxica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ g ▪ h ▪ l ▪ m ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.3. Consecuencias da globalización. Relacións interrexionais; focos de conflito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.3. Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo globalizado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CD ▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSIEE
Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúen eles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.1.1. Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgúns consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.1.2. Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.2. Cambio e continuidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT

Xeografía e Historia. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	<ul style="list-style-type: none"> XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> f l ñ 	<ul style="list-style-type: none"> B10.3. Tempo histórico. 	B10.3. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	<ul style="list-style-type: none"> XHB10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> h l ñ 	<ul style="list-style-type: none"> B10.4. Vocabulario histórico e artístico: Idade Contemporánea. 	B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	<ul style="list-style-type: none"> XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL

Contidos mínimos:

1. Crise do A R e implantación do réxime liberal-capitalista

- Características políticas, económicas e sociais do A R.
- Características e consecuencias das revolucións burguesas en América e Francia.
- O caso español: absolutismo e liberalismo.
- As bases da economía capitalista en Occidente.
- Rasgos básicos da economía e da sociedade na España do XIX.

2. A primeira metade do séc. XX: tensións e guerras

- Imperialismo e colonialismo
- Causas e consecuencias da 1ª Guerra Mundial
- Os réximes totalitarios: comunismo soviético, fascismo italiano e nazismo alemán.
- O caso español: a crise do sistema liberal (Restauración), aumento das tensións internas (II República) e Guerra Civil.
- Causas e consecuencias da II Guerra Mundial.

3. O mundo en bloques: Descolonización e Guerra Fría.

- O proceso descolonizador e as súas consecuencias.
- Dous modelos enfrontados: URSS e USA.
- A caída do comunismo. A nova orde internacional.
- A democracia en España: rasgos básicos da Transición.

4.- Concrecións metodolóxicas que require a materia

Orientacións metodolóxicas

Principios

- Estudo crítico da realidade.
- Estudo desde unha perspectiva interdisciplinar.
- Análise da comunidade na que vivimos.
- Observación e experimentación.
- Potenciación das situacións de aprendizaxe.
- Desenvolvemento e adquisición de coñecementos de xeito creativo.
- Desenvolvemento dos contidos, tanto conceptuais como procedimentais e actitudes e valores.

Procedementos

- Observación e representación do espazo.
- Control do paso do tempo.
- Medición.
- Recollida de datos.
- Formulación de preguntas.

- Elaboración de conclusións.
- Reflexión crítica.
- Manipulación de aparellos e emprego de programas informáticos.

Traballaremos cunha metodoloxía activa, intentado co alumnado participe o máximo posible no proceso de aprendizaxe dun xeito activo, non como mero receptor de coñecementos. Así potenciaremos:

A creatividade, a través dos diferentes traballos efectuados na aula, o traballo a través de debates, a innovación e as diferentes propostas do alumnado.
 A valoración crítica que fagan dos coñecementos adquiridos.
 A capacidade de improvisación e a autonomía
 A lectura comprensiva e a súa aplicación a realidade.

A maioría das tarefas realizaranse na aula, porque deste xeito comprobaremos mellor a capacidade resolutiva do alumno no manexo da información. Intentaremos combinar os traballos individuais cos traballos en parellas e en grupos pequenos.

5.- Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.

Criterios de avaliación

1. Situar no tempo e no espazo períodos, feitos e procesos históricos relevantes aplicando as convencións habituais no estudo da historia.
 Trátase de avaliar se as alumnas e os alumnos coñecen as principais etapas e períodos cronolóxicos e se son capaces de comprender as nocións de simultaneidade e cambio, e os momentos e procesos que caracterizan o tránsito dunhas etapas a outras, aplicando estas nocións á evolución histórica desde o século XVIII ao momento actual.
2. Identificar as causas e consecuencias de feitos e procesos históricos significativos, establecendo conexións entre elas e recoñecendo a causalidade múltiple que comportan os feitos sociais.
 Trátase de comprobar que se é capaz de explicar os factores que inflúen nun feito ou proceso histórico significativo, recoñecendo a natureza, xerarquización e interrelación das causas, así como as súas consecuencias a curto e longo prazo.
3. Expoñer as características sociais, económicas e políticas do Antigo Réxime derivando delas as transformacións que se producen en Europa no século XVIII e explicando os trazos significativos do reformismo borbónico en España e en Galicia.
 Trátase de comprobar, partindo do coñecemento dos trazos xerais da sociedade no Antigo Réxime, que se recoñecen os cambios producidos no século XVIII, describindo o carácter centralizador e reformista do despotismo ilustrado en España e Galicia, destacando neste caso os esforzos de mellora económica e a reivindicación dunha cultura propia.
4. Identificar os trazos fundamentais das revolucións industriais e liberal-burguesas, valorando os grandes procesos de transformación que experimentou o mundo occidental e analizando as particularidades destes procesos en España e Galicia en comparación con outros exemplos representativos.
 Búscase comprobar que se recoñecen os cambios que a revolución industrial introduciu na produción e os diferentes ritmos de implantación do proceso en Europa e en Galicia, así como as transformacións que dela se derivan coa aparición de grupos sociais que planean reivindicacións desde posicións sindicais, socialistas ou anarquistas. Tamén, comprobar se se identifican e se saben explicar as bases políticas, sociais, ideolóxicas e administrativas do liberalismo e do nacionalismo e o xeito particular de implantación do Estado liberal en España e en Galicia, coa significación que ten o proceso desamortizador e o sistema caciquil.
5. Explicar as razóns da hexemonía política e económica dos países europeos desde a segunda metade do século XIX, identificando os conflitos e problemas que caracterizan estes anos, tanto entre como dentro dos Estados, especialmente os relacionados coa expansión colonial e coas tensións sociais e políticas.
 Trátase de avaliar que se coñecen os acontecementos máis relevantes que explican o protagonismo de Europa durante a época do imperialismo e as consecuencias desta expansión colonial no ámbito das relacións internacionais e dos propios países.
6. Caracterizar e situar cronolóxicamente e xeograficamente as grandes transformacións e conflitos mundiais que tiveron lugar na primeira metade do século XX.
 Preténdese valorar se se identifican os principais acontecementos e procesos e as súas interaccións no panorama internacional desta época –como son a revolución rusa, as guerras mundiais, a gran depresión–, e os trazos básicos dos totalitarismos contraponéndoo cos réximes democráticos.
7. Analizar os procesos de cambio desde a segunda metade do século XX, e aplicar este coñecemento á comprensión dalgúns dos problemas internacionais máis destacados da actualidade.
 Trátase de comprobar que o alumnado é quen de analizar os procesos de descolonización, a división do mundo en bloques, a súa crise e a problemática conformación dunha nova orde mundial, co fin de comprender mellor a realidade presente. Será de interese comprobar a capacidade de analizar algúns problemas internacionais actuais á luz dos acontecementos citados.
8. Identificar e caracterizar as distintas etapas da evolución política, social e económica de España e de Galicia durante o século XX e os avances e retrocesos no camiño cara á modernización económica, á consolidación do sistema democrático e á pertenza á Unión Europea.
 Trátase de avaliar se o alumnado recoñece as causas da crise da monarquía parlamentaria, as políticas reformistas emprendidas durante a Segunda República, a quebra que supón a Guerra Civil, a caracterización e evolución do franquismo –desenvolvemento económico e cambios sociais– e a transición política ata a Constitución de 1978, e a consolidación do Estado democrático e autónomo no marco da pertenza de España e de Galicia á Unión Europea.
9. Realizar traballos individuais e en grupo sobre algún foco de tensión política ou social no mundo actual, indagando os seus antecedentes históricos, analizando as causas e previndo posibles desenlaces, utilizando para iso diversas fontes de información, incluídas as que permiten obter interpretacións diferentes ou complementarias dun mesmo feito.
 Trátase de avaliar a capacidade do alumnado para abordar, asesorado pola profesora ou o profesor, o estudo dunha situación do mundo en que vive, buscando os antecedentes e causas que a orixinan, aplicando os seus coñecementos para prever, desde a lóxica, as súas posibles consecuencias. Tamén de comprobar se ten iniciativa para planificar o traballo, acceder con certa autonomía a diversas fontes de información, analizar e organizar esta e presentar as conclusións de maneira clara utilizando, de ser o caso, as posibilidades que ofrecen as TIC.
10. Realizar en pequeno grupo unha investigación no contorno sobre algún aspecto da historia recente, utilizando fontes orais que permitan traballar aspectos de vida cotiá e memoria histórica, e procurar conectalos a contextos máis amplos, sendo capaz de expoñer e defender as súas conclusións.

Trátase de comprobar a capacidade do alumnado para valorar o papel que xogan as persoas anónimas nos procesos históricos, que se inicie nun método de investigación e que sexa capaz de elaborar conclusións a partir de distintos datos que debe saber interpretar.

Instrumentos de avaliación e criterios de corrección

* Ao longo do desenvolvemento das unidades didácticas e nas probas escritas presentaranse ao alumnado:

- Textos, gráficos e mapas históricos para analizar e comentar.
- Imaxes que proporcionan información de carácter histórico e artístico relacionadas con aspectos tratados na unidade.
- Feitos e conceptos para relacionar correctamente.
- Termos para ser definidos.
- Textos mutilados que deben ser completados polo alumnado.
- Preguntas que o alumnado debe contestar a partir da información que figura no seu libro.

O alumnado fará alomenos dous exames escritos por trimestre, xunto coa realización de traballos e tarefas na aula, a puntualidade na entrega dos mesmos, o interese, disposición e boa actitude na clase, o traballo en grupo, as exposicións orais, etc., o que servirá para calificar ao alumno/a.

* A nota da avaliación será o resultado conxunto da puntuación obtida nas probas escritas e da valoración das distintas actividades propostas. Terán un valor ponderado do 80 % e do 20 %, respectivamente, da nota final da avaliación

No mes de Xuño haberá unha recuperación por avaliacións suspensas.

* A nota final –convocatoria de xuño- será o resultado da media aritmética das notas trimestrais, incluída a nota da recuperación no caso dos trimestres suspensos.

A nota final –convocatoria de setembro- será a obtida nunha proba escrita que abrangue todo o temario, aínda que recollerá os contidos mínimos.

